

INSTITUCIONAL

1. O Consorcio de Santiago aproba o orzamento para o ano 2025 cunha segunda subida consecutiva do 10%, chegando así ata os 11.204.098,66€

O Consorcio de Santiago celebrou o 20 de decembro a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración, cunha segunda xuntanza deste último o 27 de decembro para aprobar aqueles puntos que quedaron por concretar. Nesta reunión aprobouse o orzamento do organismo para o ano 2025, que ascende a 11.204.098,66€.

As tres administracións consorciadas comunicaron publicamente que as súas achegas ao Consorcio para o exercicio 2024 medraron por segunda vez consecutiva un 10%, o que se reflicte neste orzamento. As achegas son de 5.799.792€ por parte da Administración Xeral do Estado, 3.449.295,60€ da Xunta de Galicia e 1.678.475,82€ do Concello de Santiago. Esta suba permitirá retomar o investimento en edificios propios, como o Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Dentro dese investimento, ao Programa de Rehabilitación, Mantemento e Recuperación Urbanas destinaranse 2.318.570,21€; mentres que ao Programa de Dinamización Cultural e Turística, que inclúe a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais, irán 6.242.809,67€ e ao Programa de Información, Estudo, Interpretación e Divulgación da cidade destinaranse 403.588,98€. Por último, no Programa de Administración, Dirección Xeral e Mantemento e Conservación do Patrimonio Propio investirase un total de 2.239.159,80€.

Entre as novas obras de rehabilitación aprobadas para este ano 2025 con esta segunda subida do 10% están as intervencións en monumentos senlleiros como a Facultade de Xeografía e Historia, o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, o Arco de Mazarelos, o Pazo de Bendaña e a fonte da Praza de Praterías.

A maiores, no marco desta reunión tamén se aprobaron a bases para a convocatoria do concurso público onde se elixirá a persoa que quedará a cargo do organismo, relevando así a Belén Hernández Lafuente na Xerencia do Consorcio de Santiago.



Máis información:

<http://www.consorciosantiago.org/gf/venzo/o-consorcio-de-santiago-aproba-o-orzamento-para-o-ano-2025-cunha-segunda-subida-consecutiva-do>

EXPOSICIÓNS

2. Aberta a exposición "Compostela a Lupa. Manuel Chicharro Bisi entre dous aniversarios 1849-1924"

O Consorcio de Santiago inaugurou o pasado día 5 de decembro a exposición "Compostela a Lupa. Manuel Chicharro Bisi entre dous aniversarios 1849-1924" que se poderá visitar na Casa do Cabido de balde.

Esta mostra, organizada polo Consorcio de Santiago en colaboración co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia), permite ao visitante mergullarse no percorrido dos ilustres fotógrafos Manuel Chicharro Bisi e o seu fillo Luis Chicharro Robelo, ao mesmo tempo que se adentra nunhas imaxes que ofrecen tanto elementos de patrimonio desaparecido como detalles históricos nunca vistos da cidade de Santiago de Compostela e a súa xente.

Máis información:

<http://www.consorciosantiago.org/gf/venzo/aberta-na-casa-do-cabido-exposicion-compostela-lupa-unha-homenaxe-manuel-chicharro>

MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1. Nil Venditti dirixe a Real Filharmonía de Galicia xunto á pianista Noelia Rodiles

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu en decembro o día 5, no Auditorio de Galicia de Santiago, e o día 6, no Círculo das Artes de Lugo, dous concertos titulado "Desafiantes", dirixido pola carismática directora italo-turca Nil Venditti e coa participación da pianista de referencia Noelia Rodiles.

O público tivo a oportunidade de gozar na primeira parte da obra *As criaturas de Prometeo* de Ludwig van Beethoven, do *Concerto para piano en La maior núm. 12* de Wolfgang Amadeus Mozart e tamén do *Concerto para piano en La maior* de Marianne von Martínez. Na segunda parte do espectáculo foi a vez de Franz Schubert e a súa *Sinfonía núm. 2* en Si bemol maior.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/nil-venditti-dirixe-a-real-filharmonia-de-galicia-nun-dobre-concerto-xunto-a-pianista-noelia-rodiles/>



2. A Real Filharmonía de Galicia realiza un Obradoiro de Dirección Orquestral

A Real Filharmonía de Galicia, dentro do seu compromiso coas novas xeracións de músicos, compositoras/es e directoras/es, realiza un Obradoiro de Dirección Orquestral como parte do seu proxecto estratéxico. Deste xeito, abríronse as portas da institución para acoller aos mestres e mestras que se atopan aínda no principio da súa traxectoria profesional e que buscan ampliar a súa formación.

Dos 130 aspirantes foron elixidos 6 participantes: Felipe Biesek, Matteo Dal Maso, Kinga Glowacka, Josephine Korda, Celta Llácer e Benjamin Alfred Voce. Foron tutorizados polo director Jordi Francés, posto que o mestre Baldur Brönnimann estivo ausente por motivos de saúde. O día 12 deron un concerto que contou coa obra de Raquel García-Tomás, *Ceci n'est pas une valse* e Johannes Brahms, *Sinfonía no 2 en Re M, op. 73*.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-realiza-su-obradoiro-de-direccion-orquestral/>



3. Máis de 200 coristas participaron no proxecto colaborativo "Cantamos!"

Os días 19 e 20 de decembro o Auditorio de Galicia acolleu o proxecto colaborativo *Cantamos!* da Real Filharmonía de Galicia. Foi dirixido por Javier Fajardo e contou coas actuacións dos novos cantantes galegos a soprano Susana García Pico, a mezzosoprano Charlene Harriswangler, o contratenor Alberto Miguélez-Rouco e o barítono Lucas López, que a súa vez foron acompañados por 209 voces pertencentes ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, o Coro Asubío, o Coro Cardenal Quiroga Palacios, o Coro CMUS de Ourense, o Coro da Escola Municipal de Música de Santiago, o Coro Harmonía Stellae e o Coro de Cámara Thalassa.

Estes concertos forman parte dun proxecto de carácter social onde a Filharmonía aposta por abrirse á sociedade e estreitar lazos coa comunidade. Neste aspecto, a orquestra compostelá quere consolidarse como unha entidade musical aberta ao convidar coros de toda a Galicia para participar deste espectáculo único.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-celebra-o-proxecto-colaborativo-cantamos-con-coros-de-galicia/>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. Publicado o listado de admitidos para o Curso de Corda para Nenos

Unha vez realizadas as probas para a convocatoria do Curso de Corda para Nenos o día 14 de decembro, a Escola de Altos Estudos Musicais publicou a súa relación de admitidos.

Este curso, destinado a nenos de entre 5 e 14 anos, realizarase de xaneiro a maio de 2025 e será impartido por profesores da EAEM. Durante o curso, o alumnado terá 10 horas de preparación individual mínimas repartidas ao longo do curso en sesións non inferiores a 30 minutos, así como 5 horas mínimas de actividades colectivas de agrupación instrumental. Como colofón, realizarase un concerto final de curso no que se interpretarán obras individuais e de conxunto.

Máis información CAEO:

<https://eaem.es/gf/noticias/listado-de-admitidos-e-horarios-para-as-probas-do-curso-de-corda-para-nenos-2/>



2. A EAEM presenta a súa oferta de clases maxistras para a temporada 2025

A Escola de Altos Estudos Musicais presentou a súa oferta de clases maxistras para a temporada 2025. Estas serán impartidas por solistas de recoñecido prestixio internacional, e realizaranse os próximos meses na sede da Escola para o alumnado de fagot, trompeta, violín, frauta, trompa, violoncello, contraabaixo, viola, percusión e clarinete.

As clases estarán a cargo da fagotista María José Riello os días 6 e 7 de febreiro, o trompetista Josep Anton Casado os días 13 e 14 de febreiro, a violinista Raquel Castro os días 20, 21 e 22 de febreiro, os frautistas Matthiriu Gauci-Ancelin e Cristina Fassbender os días 27 e 28 de febreiro, a violoncellista Suzana Stefanovic o 7 e o 8 de marzo, o contraabaixista Jorge Muñoz os días 13 e 14 de marzo, a violista Sara Ferrández o 29 de marzo, o percusionista Juanjo Guillem o 19 e 20 de maio e tamén o clarinetista Nicolas Baldeyrou (datas por determinar).

Máis información CAEO:

<https://eaem.es/gf/noticias/eaem-comeca-unha-nova-edicion-do-curso-de-corda-para-nenos/>

